


SOLARPUNK



amarinha.gal
2025

Nighten
(Nathan Guilhot)



Vivimos no capitalismo, o seu poder semella inescapable; porén, así o facía o dereito divino dos reis. Calquera poder humano pode ser resistido e cambiado polos seres humanos. Tanto a resistencia como o cambio a miúdo comezan na arte. Con moita frecuencia no noso arte, nas nosas palabras.

— Ursula K Le Guin

Inventar palabras para imaxinar futuros

por JOSÉ MANUEL VENTOSO PICOS

De todos os temas que falamos ata agora no colectivo de soberanía dixital amarinha.gal, creo que este que nos toca é o máis sinxelo e doado de comprender, **utilizar a imaxinación para dar con futuros optimistas**. Mas utilizamos como título a que seguramente sexa a palabra menos coñecida e incluso complicada para a xente que se achega ás nosas discusións.

Solarpunk

As palabras definen o espazo de posibilidades do que podemos comunicar e, ata certo punto, pensar. Non só porque nos dan ferramentas para articular ideas, senón porque tamén están cargadas de emoción. Compartir, axudar a que ninguén pase fame ou tratar de que cada quen se poda quedar co resultado do seu traballo son conceptos cos que a maioría estarían de acordo. Mais se utilizamos a palabra “COMUNISMO” para referirnos a isto xa estaremos alienando á metade da poboación. Así que, por que non usar **Solarpunk**?

Hai exemplos tamén de palabras cotiás que adquiriron, seguramente de maneira interesada, significados cos que non estamos moi de acordo. Lemos todos os días *progreso* ou *innovación* para reflexar realidades que nos afastan da harmonía coa natureza ou do uso consciente dos recursos dos que dispoñemos. De que maneira é progreso a dispoñibilidade dun iPhone 17? De automóviles cada vez máis grandes e pesados? De ferramentas que crean imaxes que son derivacións de obras de arte cando os artistas non poden sobrevivir?

Agora que as utopías do crecemento ilimitado, a autoregulación do mercado ou incluso o ceo cristián están a ser desterradas do noso imaxinario necesitamos dar con outras guías que nos axuden a avaliar a nosa realidade e informen as nosas decisións cotiás. Como senón definir progreso, se non sabemos cara onde ir?

Nun futuro solarpunk valoraríamos un dispositivo de telefonía mobil polo duradeiro e reparable que fose. Unha innovación real sería que non necesitasemos extraer novos minerais da terra para a súa construción, ou que cada un dos seus componentes se puidese reutilizar para outros fins no caso de ser necesario. Para que necesitar un portátil cando xa levas un dispositivo intelixente encima? Podes conectarlle unha pantalla e arranzado.

No canto de pensar en automóviles como un símbolo máis de estatus, cada comunidade razoaría sobre as necesidades de transporte dos seus membros e definiríanse

solucións en común. Quizais bicicletas para chegar á parada de tren que está máis preto, ou despensas de alimentos para que xente con mobilidade reducida non se tivese que mover tanto. Permitir traballo ou educación remota para que a xente non tivese que desplazarse a grandes urbes.

Valorar o arte local por riba do comercial tamén pode ser parte dun futuro solarpunk. Ata agora pensabamos que ter un dispositivo con acceso ilimitado á música que estivese de moda era bo, mais igual favorecer que haxa músicos da rúa ou nos lugares de encontro servise moito máis para xerar comunidade e inspirar á sociedade a expresarse.

Na miña experiencia, coñecer e utilizar a palabra solarpunk achegoume a novas realidades que a lóxica de mercado non me permitiría alcanzar. A portada deste fanzine e o cartel que acompaña a xuntanza ten como base unha imaxe que se pode utilizar libremente, e está nunha librería con centos de outras coa mesma licenza. Moitas historias curtas e incluso xogos de rol baseados nas ideas solarpunk son tamén de libre acceso e distribución.

Para rematar este pequeno escrito, animo a quen o estea a ler a buscar historias, debuxos ou outras experiencias definidas como solarpunk. Non só serán de libre acceso en moitos casos, ademáis serán sementes para que cada quen imaxine outros futuros optimistas e nos axude a achegarnos a eles.

Sete trazos para debuxar un futuro

por LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Do mesmo xeito que nos custa comezar a pintar un cadro sen imaxinar que escenario desexamos fiquen alí plasmado, tampouco podemos construír un futuro agradable para todos se non temos idea do aspecto que este tería. Reflexionando sobre a mellor maneira de pensar no asunto cheguei á conclusión de que precisamos determinar as áreas máis importantes a debuxar. Con este propósito paso a expoñer aquelas que se me foron ocorrendo. Non serán as únicas que precisan atención e poida que non todas sexan as máis relevantes. Mais o que está claro é que son puntos que téndoos en conta poderemos divisar un cambio ou transformación na concepción do mundo tal e como o vemos agora.

Comezo falando de enerxía porque na actualidade é un tema delicado. A miña proposta redúcese a un **consumo de enerxía eficiente enfocándonos nas necesidades básicas da po-**

boación. Con iso refírome a que un consumo que cubra o día a día dun cidadán de a pé estará protexido e garantido coa consecuente limitación a aqueles consumos correspondentes a luxos ou a industrias non esenciais. O segundo apunte dedícollo á **protección da auga.** Sendo este un recurso que marca a diferenza entre a vida e a morte de calquera ser humano ou non humano, dirixiremos os nosos esforzos cara o seu mantemento asegurando que a contaminación da mesma sexa só algo accidental e nunca algo deliberado. E no caso de producirse, tratarase como unha emerxencia a resolver.

Se falamos de enerxía e auga non podemos deixar de mencionar a terra. O **deseño territorial acompañará os límites ecosistémicos** deixando de servir aos desexos dunhas poucas persoas para responder ás necesidades da poboación que o habita. Cunha mellor organización territorial obterase unha economía máis local e circular favorecendo un comercio sostible que beneficie a toda a poboación. Continuando cos recursos limitados que ofrece o planeta, non se pode esquecer falar dunha distribución equitativa dos mesmos a cal asegure os dereitos básicos universais. **A acumulación excesiva de materiais físicos ou recursos financeiros será penalizada** non só a través dun sistema xudicial senón tamén cultural. Aínda que isto semella cousa utópica, existen pobos que manteñen este principio dentro dos piares da súa cultura dende fai miles de anos, polo que non cabe dúbida de que esta característica pode ser adoptada. Desviándonos a un plano exclusivamente humano gustaríame mencionar tres eixes que facilitarían o bo funcionamento dunha sociedade pacífica e segura para todos: diversidade, espiritualidade e educación. Un futuro no que se vexa a **diversidade dos individuos** que conforman a sociedade como unha fortaleza é un futuro cheo de posibles solucións a infinitos problemas. Normalizar outras perspectivas e formas de vida permitíranos aproximarnos ás dificultades con maior flexibilidade e resiliencia. Para acadar este entendemento é preciso que o ser humano volva a **abrazar a espiritualidade apartada da relixión** como unha ferramenta para acadar un coñecemento filosófico, unha das carencias máis notables na sociedade actual.

Finalmente farei fincapé na educación, neste caso na **educación emocional e comunicativa.** Na actualidade acostumamos a bloquearnos pola frustración que sentimos ao observar que as solucións aos grandes problemas que sufrimos xa están sobre a mesa. O cambio climático, a desigualdade ou as guerras son cuestión para as cales alguén xa deu co remedio. Logo porque non se conseguen aplicar? O certo é que existe un problema aínda maior e ese é a falta de comunicación entre os distintos grupos que conforma a totalidade da especie humana. Así é que considero a educación neste ámbito como un piar elemental para asegurar unha política

de convivencia respectuosa que nos permitirá resolver os conflitos de forma non violenta e consensuada.

É obvio que este futuro non encaixa nas estruturas do actual capitalismo, non por elo é menos realista que continuar a senda na que nos atopamos. Modificar o capitalismo é posible, de feito xa se fixo e se está a facer. Continuar a transformalo nalgunha dirección é inevitable, a inercia móvenos. Decidir o sentido que tomará o cambio trátase dunha oportunidade que non deberíamos deixar pasar. Imaxinemos e contémolo.

Solar? Punk?

por ANTONIO GREGORIO MONTES

Esas foron as preguntas que me fixen cando me dixeron a primeira vez ‘Solarpunk’. Estaba totalmente perdido. Hai non tanto tempo. Cando me aclararon algo así como que se refería a un futuro optimista no que interviña a aplicación de tecnoloxías libres e sostibles, xa xuntei as dúas verbas nunha indicando a idea, e unindo no meu interior o punk ao solar dun xeito que me resultou lóxico, natural. Si, o punk da segunda acepción do dicionario da RAG:

“Movemento cultural xuvenil, asociado ao estilo musical do mesmo nome, de carácter contestatario manifestado a través dos seus comportamentos, vestimenta, peiteados e música.”

Hoxe entendo que a definición quedase curta, moi curta, e vella, non tan vella porque a cousa vai rápido, mais sobre todo inexacta a día de hoxe, aínda que a valoro por riba da pretendida máis exacta da RAE, que xa non explícito. Tamén sei que unha definición inexacta é pouco máis que un interrogante posto ‘daquela maneira’, un primeiro e burdo intento de avance nunha dirección que se supón correcta. En canto ó de ‘Solar’, no sentido de usando o Sol e/ou iluminado polo Sol, está máis claro sen ir ó dicionario, só con mirar ó noso arredor. Como tamén poden estar claras as súas posibilidades, a pouco que nos deteñamos a pensar no que está á nosa vista e nos ilumina, permitíndonos ver (algo máis ca unha metáfora)..

Dende esa primeira vez, o termo pasou para mín dunha utopía a unha posibilidade pola que avogar, e sobre todo, construír. Daquela a hoxe, no medio, para enterarme, teño comezado a páxina da Wikipedia en galego sobre Solarpunk, traducido algún pasaxe doutros lugares... ata meterme no allo, ou, mirado doutro xeito, ata que a idea se me meteu ben dentro.

Volvendo ás dúas partes da palabra, o de punk coido que é algo que fun interiorizando pouco a pouco no corpo ó longo da vida, sen asocialo a unha verba que non coñezo hai tanto e tendo que aclarar que estimo que sen chegar a ser aínda predominante. Mais dende logo, que no que a min respecta, non ten por que levar nome inglés aínda que o nomearan primeiro noutros lares e se

asociara no seu comezo cun movemento musical (asociación que aínda perdura), nin tampouco estar asociado só ou mesmo de xeito preferente ó xuvenil a non ser que se considere o 'espírito xuvenil' e non só a idade cronolóxica do corpo. Pero a maioría é a maioría, e así están as cousas: é o nome popularizado con certos rasgos significativos aínda que admita excepcións.

Dirixindo os ollos ó 'solar', son escasas as persoas ás que non lle gusta o Sol, e aínda menos como metáfora. Por algo se lle chama o astro rei, a máis de escribir o seu nome con maiúscula, como nome propio que é. E neste caso, a máis de ser unha fonte considerada de enerxía no solarpunk, tamén é metáfora do natural como fonte. Si, o natural sempre foi fonte, sexa de enerxía, materias primas, inspiración, ideas, ánimo... sen o natural, sen a natureza, non somos nada, non podemos existir. Pero, que soa mellor, o Sol ou o vento como natural fonte de enerxía ou o carbón ou o petróleo para o mesmo? Pois

iso. Que sexa asociado co punk non impide que poda (e deba) estar asociado tamén á mecadotecnia e a propaganda nunha época na que ambas son vehículos para as ideas e a expresión, por moito que esteñan concebidas baixo o manto dun sistema ó que o Solarpunk quédalle demasiado grande para poder cooptalo.

Solarpunk, algo que hoxe se ve próximo a unha utopía, é difícil de traducir con expresións adaptadas a un sistema que está lonxe desa utopía. E, ó tempo, é necesario facelo para poder visibilizalo, e como un lugar máis de esperanza, amén de guía de traballo. Agora ben, por esa definición aínda borrosa que permite ter unha visión ampla, diversa, construtiva, temos tamén a posibilidade de nós mesmos contribuír a ese futuro tendo os pés na terra. Pés na nosa terra no mesmo sentido que somos a súa humanidade, a humanidade que é acubillada polo planeta que nós chamamos 'Terra', bañado poos raios dun Sol sempre novo iluminando a mañá.

Human = Artisan

